

# Celga



Certificado  
Lingua  
Galega

# 4

## PROBA B (ORAL)

### Caderno da sala de lectura



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C4-B-10

**PARTE 1 (Texto escrito)**

A continuación, lea vostede este artigo sobre historias e linguaxe no mundo televisivo. Tome as notas que precise. Na entrevista oral terá que:

- Resumir o texto.
- Realizar unha exposición.
- Conversar sobre o tema.

## A tele: historias e linguaxe

A televisión non é máis que un reflexo do que vivimos ou do que aspiramos a vivir, unha maneira de entreternos e de contarnos historias. escoitar historias e narracións é unha das actividades nas que máis tempo investimos. E estas historias poden ter unha sentenza ou ensinarnos algo.

Na televisión é recorrente ver series que son un éxito polo seu argumento e, cando prestas atención, podes atopar certos padróns que se repiten unha e outra vez. Velaquí algúns dos máis famosos:

1- Series sobre médicos: é con moito a fórmula máis usada. Hai series de médicos de todas as cores e sabores, desde as dramáticas até as cómicas. Mesmo nun episodio da comedia médica *Scrubs*, o protagonista ten a idea de crear unha serie de médicos vampiros, considerándoo algo que sería novo no xénero.

Existe a serie do médico con dotes de mozo listo como *Doutor House*, a serie dos médicos con detalles dramáticos, está a dos médicos cun traballo non tan dramático e que máis ben gozan dunha vida de luxo. Hai moitas outras, todas relacionadas con algún profesional ou grupo de profesionais da medicina.

2- A serie do grupo de listos: é unha das fórmulas máis usadas debido á popularidade do xénero de investigación nos Estados Unidos. Nesta hai un grupo de persoas (todas moi listas) que se complementan á hora de resolver o crime por medio da investigación.

Todas as variantes de *CSI* traballan este modelo e existen moitas outras que seguen o padrón, como *Mentes Criminais* ou *Bones*, que é a historia dun equipo de investigación que se encarga de resolver os crimes a partir da análise dos ósos das vítimas.

3- A serie do debuxo animado irreverente: adoitan ser debuxos animados que destacan polo seu humor acedo e situacións que ás veces raian no cruel ou brután. Non por ser animados quere dicir que sexan para nenos. O seu público meta é o adulto que pode identificar as críticas políticas, relixiosas e de diversos tipos que acostuman incluír as súas tramas.

Entre elas inclúese a serie de televisión máis lonxeva nos Estados Unidos e os personaxes amarelos máis famosos que se coñecen até o momento: *Os Simpsons*. Outro exemplo é *South Park*, un debuxo animado de temática parecida.

4- A serie do mozo listo: é unha fórmula nova pero altamente explotada. O protagonista adoita ter unha habilidade especial á hora de pór atención nos detalles que o diferencian do resto do seu equipo. Non sempre é o que comanda o grupo, pero é obvio que resulta a peza máis valiosa.

5- As series de vampiros ou demos: tenden a situar un protagonista que acostuma andar buscando un monstro. Agora, coa popularidade da película *Crepúsculo*, adoita ocorrer que o vampiro é o bo e loita contra seres da súa mesma especie ou contra outra clase de monstro.

6- A serie do grupo de amigos: simple e sinxelamente un grupo de amigos, xeralmente integrado por personaxes de ambos os sexos. Nalgúns casos a relación de amizade pasa a máis e convértese en parella. Acostuman ser grupos de catro amigos ou máis para que cumpra coa norma.

A famosísima *Friends* é o principal expoñente da fórmula dos amigos e a que a explotou con maior éxito até o momento.

7- Series de mulleres audaces: as súas protagonistas son o principal atractivo da serie, adoitan ser mulleres fermosas e que xeralmente caen en todo tipo de situacións difíciles que as levan a facer cousas que non imaxinamos até que chega o final de tempada.

8- Series de superheroes: son as que teñen un protagonista con algunha habilidade especial. Ese poder será utilizado para pelexar contra o mal que acostuma estar representado por algún extraterrestre con poderes suficientes para representar un problema para a humanidade.

9- Series de adolescentes: xeralmente adoitan desenvolverse nun instituto e céntranse nos problemas típicos dos adolescentes. A partir desta fórmula sinxela poden ser dramáticas, cómicas e mesmo musicais.

E igual que as temáticas e as fórmulas se importan dos Estados Unidos, moitos dos nomes que usamos para designar novos xéneros televisivos tamén veñen do inglés. Así, os anglicismos son cada vez máis utilizados na linguaxe televisiva para referirse a programas. Estes son algúns exemplos.

Convivir entre *realities*, *shares* e *tv movies* é cada vez máis frecuente para o espectador actual. Son conceptos moi estendidos na linguaxe televisiva e o seu significado é descoñecido, en moitos casos, para o gran público. A súa introdución na fala non deixa de ser un reflexo de quen é o gran dominador do mercado televisivo no mundo. É onde se poden encontrar máis exemplos, tanto para se referir a ficcións como a programas.

*Reality*: os espazos de telerrealidade non son tan recentes como se pensa. A súa orixe está nos anos cincuenta coas primeiras experiencias de cámara oculta. Basicamente mostran o que lles pasa a persoas reais. O primeiro en explotar en toda a súa extensión este concepto foi *An American Family*, un programa emitido nos anos setenta nos Estados Unidos no que unha cámara seguía semanalmente unha familia. O máis coñecido da última década na televisión en España é *Gran Hermano*, unha adaptación dun formato internacional creado por John Endemol. Esta fórmula ten innumerables variantes, como os *docu-reality*, centrados nun grupo de persoas, ou os *reality-road*, en viaxes. Todos teñen en común que amosan a convivencia dun grupo de persoas.

*Talent show*: programa para demostrar o talento ou o valor artístico. A tendencia actual deste clásico xénero é a de darlle un compoñente de *reality*, é dicir, un concurso de habilidades onde tamén existe convivencia. *Fama* e *Operación Triunfo* son algúns exemplos.

*Docu-soap*: variante do documental clásico centrado en personaxes concretos que se intentan complementar. Adoitan ser seriados. Un exemplo recente foi o *Made in Galicia* emitido pola TVG, no que algúns galegos lles aprendían a inmigrantes un oficio tradicional.

*TV movies*: son as películas destinadas á súa estrea e emisión nas canles de televisión. Tamén se poden denominar como miniseries. Acostuman ter dous capítulos e unha duración algo maior á dunha película convencional. O xénero recuperouse con éxito en España nas últimas dúas tempadas. *23-F, el día más difícil del Rey*, emitida pola primeira canle de TVE, é a que acadou maior audiencia, cunha media de 6,6 millóns de espectadores.

*Remake*: son producións audiovisuais que reproducen fidedignamente a trama, os personaxes e, practicamente, todos os detalles dunha obra anterior. *El coche fantástico* e *V* son algúns dos exemplos recentes.

*Spin off*: proxectos nados dunha produción anterior, ben a través dun personaxe que tivo moito protagonismo, ben dunha trama que se independiza da principal. Un exemplo é *Private Practice*, que xurdiu de *Anatomía de Grey*.

*Making of*: o famoso “como se fixo”. Recurso moi empregado para promover un produto. *Best of* é unha das súas variantes. Trátase dunha selección do mellor dunha serie ou programa.

Texto adaptado de *La Voz de Galicia* e de [diegonia.blogspot.com.es](http://diegonia.blogspot.com.es)